

Ao Concello de Cangas do Morrazo


Att. Comisión de Goberno


Ante ese Goberno comparece D. Serafín Sa Pazó, con DNI. 35.279.735N, en calidade de presidente da Asociación Veciñal NOS, con NIF G-36261626, con teléfono 611646001 e enderezo a efectos de notificacións en Camiño do Enxerto nº 6, 36940, Cangas de Morrazo, por medio do presente escrito, queren presentar este **Dossier** de necesidades e melloras para humanizar os nosos barrios:

1.- Beirarrúas

1.1 Herbello a Magdalena

O acordo das asociación: A Malladoura, Daravelo, San Blas e NOS, solicitabamos a actuación urxente de mellora da seguridade viál na estrada de titularidade da Deputación EP-1002, entre a Magdalena e Herbello con dotación dunha beirarrúa regulamentaria e a urbanización dos enlaces cos barrios: Na curva da “Rocha”, o Palomar, o Piñeiro e o tramo urbano de Herbello, con rexistro entrada 6988, de 14-07-2020, mantivemos varias reunións coa concellaría de Urbanismo, para darlle un pulo, Indicándonos na última de que xa existe un anteproxecto elaborado pola Deputación e en mans do Concello de Cangas, pero continúa sen mostrárenos as Asociacións Veciñais para o seu estudo, aportación de melloras ou aprobación.





1.2 Avda. de Coruña

Aínda sendo competencia da Xunta, non o é menos que ao atoparse no casco urbano do Concello, as competencias de mantemento e dotala de mobilidade corresponden o Concello, polo pola situación de deterioro, e para favorecer que os veciños e veciñas poidan transitar con seguridade pola mencionada rúa, e mais para os que teñen problemas de mobilidade ou minusvalía. Escrito rexistro de entrada - 1411, de 12-06-2020.



1.3 Avda. de Lugo

Con data de 16-03-2020, presentamos escrito ante a Deputación, con rexistro de entrada WEB2020012217, unha mellora da seguridade viaria, para que se dotara a esta beirarrúa do ancho suficiente, que permita os peóns transitar por ela con seguridade, protexendo con elo os colectivos máis vulnerables, polo perigo que supón para a veciñanza e transeúntes o ancho desta beirarrúa.

Dado que dita rúa se atopa no casco urbano deste Concello, creemos que é importante que os técnicos tomen a decisión mellor, e se fagan as xestións oportunas ante a Deputación para mellorar a seguridade e a mobilidade da zona.





1.4 Rúa Ensinanza

Tendo en conta que nela existe un colexio de ensinanza solicitamos que se complete a totalidade dos tramos que faltan de beirarrúa. Con data de 25-06-2020, presentamos escrito con rexistro de entrada 1589, para mellorar a seguridade viaria dela, con ancho suficiente, que permita os peóns transitar por ela con seguridade, protexendo con elo os colectivos máis vulnerables (alumnado), e polo perigo que supón para a veciñanza e transeúntes a falla desta beirarrúa en varios tramos.




2.- Rúas

2.1 Traballos previos e acondicionamento e asfaltados

2.1.1 Rúa Choupana (zona interior)

- Con data de 04-03-2020, presentamos escrito con rexistro de entrada 3137 e en varias reunións coa concellaría de Obras, solicitamos que se dotara a rúa Choupana (zona interior), aos seus vecinos dos servizos esenciais tan básicos como: de saneamento público, de abastecemento de auga potable e dun acceso as súas vivendas axeitado realizando as obras necesarias para mellorar as condicións de acceso e salubridade desta zona. E se realice o posterior asfaltado. O previo e cumprir o compromiso de arranxar os buratos para o paso dos vehículos.



2.1.2 Rúa Toxeira

Solicitamos en data 20-01-2020 e en posteriores reunións coa concellaría de Obras, para que se realice un proxecto para completar o cambio do saneamento público, pois por ser de cemento, e atoparse roto en varios lugares, están contaminando os pozos de auga potable do vecindario na zona, o que supón un problema enorme de saúde pública, entendemos deben realizarse as obras necesarias para mellorar as condicións de acceso e salubridade desta zona. E se realice posteriormente o seu asfaltado.



2.1.3 Enlace Serra Nacente de Abaixo

Solicitamos con data de 23-09-2020, presentamos escrito con rexistro de entrada 3361, para que se realizara un proxecto e as xestións e obras necesarias para a súa posterior execución do enlace entre os dous tramos da rúa Serra Nacente de Abaixo.


No caso de non poder executar a unión de ámbalas dúas partes da rúa con prontitude, subsidiariamente solicitamos que se realicen as xestións e obras necesarias para arranxar o tramo que transcorre dende o Camiño da Choupana ata a fonte, por ser un lugar moi transitado e se atopa e moi mal estado, dificultando o paso dos vehículos. E se realice posterior asfaltado.





2.1.4 Rúa Regueira

Solicitamos que se proceda a acondicionar e formigonar a citada rúa.



2.1.5 Rúa Loureiro

Con data de 23-09-2020, presentamos escrito con rexistro de entrada 2170, solicitamos que se procedera a levar acabo a súa limpeza e os desbroces oportunos para facelo transitible, e que se faga un proxecto polo departamento de obras para acometer o seu arranxo e formigonado, arranxando a canalización das augas pluviais e as do regato.



2.1.6 Rúa Serra Nacente

Solicitamos a construción do muro o acondicionamento e a recollida de augas da citada rúa, xa transmitido a Alcaldía en data 10-01-2020, e en posteriores reunións coa concellaría de Obras. Nos indicaron que o tramitaron no Plan Concellos.



2.2 Acondicionamentos e asfaltados

- Camiño da Area

Solicitamos o acondicionamento e o asfaltado da citada rúa, xa transmitido o Concello en data 20-01-2020, e en posteriores reunións coa concellaría de Obras.



- Rúa do Souto (dende o nº 62 ata a Avda. da Coruña e dende o 21 ata escaleiras a estrada Herbello a Magdalena).

Solicitamos o rematar o asfaltado da citada rúa, xa transmitido o Concello en data 20-01-2020, e en posteriores reunións coa concellaría de Obras.






- Rúa Andias

Solicitamos o rematar o asfaltado da citada rúa, xa transmitido o Concello en data 10-01-2020, e en posteriores reunións coa Alcaldía.



- Acondicionamento e asfaltado de rúa Torre (dende o nº 18 ata a rúa Toxeira).


Solicitamos que se proceda a acondicionar e formigonar a citada rúa.



- Camiño do Enxerto


Solicitamos que se proceda a acondicionar e asfaltar os tramos que faltan da citada rúa.





- Camiño a rúa Cima de Vila (muro interior derrubado).

Solicitamos que se demande ao propietario que se levante o muro caído, fai mis de 2 anos que se presentou solicitude ante o Concello.



3.- Fibra Óptica

➤ Solicitamos a implicación dese Concello na solicitude de innumerables persoas do vecindario no ámbito desta Asociación, desexas de poder contar con cobertura por Fibra Óptica, dándose a circunstancia de que a día de hoxe moitos deles teñen que realizar o seu traballo dende o seu domicilio (teletraballo). Mais en concreto nas seguintes zonas:

- Zona alta do barrio de San Pedro: Rúa San Pedro, Rúa Rocha, Camiño do Enxerto, Estrada Herbelo a Magdalena e rúa Castro de Darbo. Estas zonas non se lles instala debido a un poste caído na rúa San Pedro nº 61, e a negativa de Telefónica a substituílo (feito denunciado ante ese Concello e ante o Ministerio de Asuntos Económicos e Transformación Dixital).



Tamén a solicitan nas rúas Ensinanza e Ximeu.



4.- Fontes e lavadoiros

4.1 Elaborar proxecto para recuperar fonte e lavadoiro do Nacedoiro (ou do Cano), e acondicionar enlace.





4.2 Reparación, mantemento e limpeza de: Fonte e lavadoiro do Lameiro, fonte a lavadoiro do Ouro, fonte e lavadoiro do Enxerto, fonte e lavadoiro do Souto, fonte de Serra Nacente de Abaixo.





4.3 Realizar analíticas polo menos 2 veces o ano das fontes: Do Lameiro, do Ouro, do Enxerto, do Souto, de Serra Nacente de Abaixo, do Castelo, do Monte Carrasco, da Regueira, e do Nacedoiro ou cano, e pasarnos copia do resultado (apto ou non apto).

5.- Alumeados

5.1 Solicitamos os cambio dos alumeados por outro mais eficiente (led), o que implicaría non so un aforro económico, senón tamén unha maior eficiencia, e polo tanto una cantidade menor de avisos de averías.

5.2 Novos puntos de alumeado:

- En Serra Nacente de Abaixo (xunto fonte).
- En Camiño de Ximeu (xunto cruce Avda. de Vigo).

6.- Limpeza

6.1 Solicitamos manter limpas as rúas, canalizacións e beirarrúas no ámbito da nosa Asociación. No proceso de desbroces efectuado neste ano, quedaron moitos lugares sen limpar, e ademais despois de feita a limpeza, quedando o lixo nas rúas sen recoller, inclusive diante dos accesos as vivendas.

7.- Lixo

7.1 Ante a necesidade dunha xestión máis ecolóxica do lixo, solicitamos dotar de recipientes de reciclaxe:

- Recipiente de vidro e papel Avda lugo nº 13
- Recipiente de papel rúa Palomar
- Recipiente de plástico e papel en rúa Herbello a Magdalena (cruce rúa Enxerto).

7.2 Creación de modelos sostibles



- Instalación dun composteiro comunitario na zona verde entre a Avda. de Lugo altura do nº 13 e a rúa Andias, posibilidade de creación de pequenas hortas municipais otorgables (mediante sorteo ou solicitude), para emprego do compost xerado.

8.- Parques infantís

8.1 - Reposición de equipamentos e efectuar o mantemento necesario para deixalos operativos e sen perigo para quen o utilicen.

- En canto a limpeza, entendemos que os xardineiros do Concello polo menos una vez o mes poden pasarse para mantelos limpos (que non soio limpen o casco urbano).





9.- Seguridade e mobilidade

9.1 Rúa Lisboa

- Solicitamos que se dote de seguridade por falta de visibilidade na saída da rúa Lisboa no acceso a Avda. de Vigo, transmitido a alcaldía O 27-02-2020, xa presentado ao Concello en data 17-06-2020 e reiterado en varias reunións posteriores, e no escrito do 13-10-2020 con rexistro de entrada 2934.



9.2 Rúa Andias

Solicitamos que se dote de seguridade mediante a regulación do tráfico, xa presentado a Alcaldía en data 10-01-2020 e reiterado en varias reunións posteriores e no escrito do 13-10-2020

9.3 Espellos (Herbello a magdalena con rúa Rocha, Rúa Ensinanza con aparcadoiro , e Avda. de Vigo con rúa Real).

Reiteramos as solicitudes para que se dote de seguridade mediante a colocación de espellos, xa presentados a Alcaldía e reiterados en varias reunións posteriores e no escrito de data 13-10-2020.

- Rúa Rocha: Solicitado hai mais de tres anos, e reiterado en varias reunións e Concellarías.

- Rúa Ensinanza: Solicitado en data 11-11-2020, con rexistro de entrada 3319.

- Rúa Real: Solicitado en data 18-09-2020, con rexistro de entrada 2659.

9.4 Sinalizacións

Reiteramos as solicitudes para que se dote de sinalización varias, presentadas no escrito de data 13-10-2020.

- Eliminar sinalización na rúa Ensinanza (parte superior cara a Avda. da Coruña).

- Prohibir estacionamento no cruce da rúa Ramal do Paraíso, coa rúa Paraíso.

- Falta de sinalización no cruce da rúa Toxeira coa rúa Palomar.

- Falta de sinalización na rúa Rochido, na parte superior.

9.5 Semáforo (Avda. de Vigo con rúa San Pedro)

Reiteramos a solicitude para que se poña en servizo na súa totalidade, pois faltan os pulsadores de apertura de paso peatóns, presentadas nos escritos de data 25-11 e 15-12-2020, con rexistros de entrada 3486 e 3737.

9.6 Pasos peóns (Pancho Eiroa cruce con Avda. da Coruña)

Reiteramos a solicitude para que se dote de maior seguridade o paso pola Avda. da Coruña no cruce coa rúa Pancho Eiroa, mediante o pintado dun paso de peatóns, presentada en escrito de data 05-12-2020, con rexistro de entrada 3620.

9.7 Serra Nacente

Reiteramos a solicitude para que a rúa Serra Nacente é moi estreita, con varias curvas, cruces e cambios de rasante, polo tanto con pouca visibilidade, polo que solicitamos que se habiliten as medidas oportunas para dotar de mais seguridade a dita rúa, e entre as medidas que consideren oportunas propoñemos a colocación de sinalizacións de redución da velocidade a 30 km/h, presentada en escrito de data 30-11-2020, con rexistro de entrada 3612.

9.8 Reiteramos as solicitudes para acometer outras solicitudes, que presentamos no escrito do 13-10-2020, con rexistro de entrada 2934, na que faciamos a seguintes solicitudes, que reiteramos:

- Falta de seguridade na rampa de baixada no aparcadoiro novo da rúa Ensinanza, pola falta de visibilidade dos nenos que pasan pola beirarrúa cara a rúa Poio.

- Falta de visibilidade na saída da rúa Cima de Vila no acceso a rúa Ensinanza, retirada de recipientes de lixo.

- Trapicheo na Avda. da Coruña nº 14 (edificio en construción).

10.- Limpezas de fincas


10.1 Reiteramos a solicitude de data 22-07-2020, con rexistro entrada 1974, 24-05-2019 con rexistro entrada 913 e 12-09-2018 con rexistro entrada 846, para que se contacte co propietario para a limpeza e desbroce da maleza e biomasa na parcela 6013 do polígono 47. Tendo en conta a tardanza en data 13-09-2020, con rexistro entrada 1759573, presentamos escrito ante a Consellería de Medio Rural.

10.2 Reiteramos a solicitude de data 05-08-2020, con rexistro entrada 2125, para que se contacte co propietario para a limpeza e desbroce da maleza e biomasa nas parcelas 71 do polígono 23.

10.3 Reiteramos a solicitude de data 01-09-2020, con rexistro entrada 2443, para que se contacte cos propietarios para a limpeza e desbroce da maleza e biomasa nas parcelas 395, 396, 397, 398, 399, 400, 401 e 402 do polígono 47.

10.4 Reiteramos a solicitude de data 23-09-2020, con rexistro entrada 2704, para que se contacte co propietario para a limpeza e desbroce da maleza e biomasa nas parcelas 757 do polígono 47.

10.5 Reiteramos a solicitude de data 23-09-2020, con rexistro entrada 2705, para que se contacte cos propietarios para a limpeza e desbroce da maleza e biomasa nas parcelas 39, 40, e 41 do polígono 47, a nº 42 foi desbrozada, pero deixaron os eucaliptos sen cortar e estes non cumpren os 50 m de separación coas vivendas. Axuntamos fotos.



10.6 Reiteramos a solicitude de data 26-11-2020, con rexistro entrada 3511, para que se contacte co propietario para a limpeza e desbroce da maleza e biomasa nas parcelas 284 e 287 do polígono 47.

11.- Recollidas de augas

11.1 Rúa Escote

Reiteramos a solicitude de data 23-09-2020, con rexistro entrada 2706, para resolver o problema de que as augas entren nas vivendas, para o que solicitábamos a colocación dunha reixa.

11.2 Rúa Rocha

Reiteramos a solicitude de data 16-12-2020, con rexistro entrada 3749, para resolver o problema de que as augas entren nas vivendas, para o que solicitábamos a colocación de dúas reixas.

11.3 Rúa Choupana

Reiteramos o transmitido en reunión coa alcaldía en data 27-02- 2020 e en data 26-06-2020 coa Concellaria de Obras, para resolver o problema de que as augas percorran pola rúa cara á Avda de Vigo, para o que solicitábamos que se limpase e reparase a reixa existente (foto) e se meditase a posibilidade de engadir outra perto da rúa Castiñeiros.



Reixa posible

11.4 Rúa Paraíso cruce con rúa Palomar


Reiteramos a solicitude de data 14-01-2020, coa Concellaria de Servizos, para resolver o problema de que as augas percorran pola rúa Palomar atravesan a rúa Paraíso, pois a reixa onde está colocada non as recolle (foto) e se buscara una solución que podía pasar por colocar una reixa a todo o longo da rúa.



Circulación da auga

11.5 Rúa Ramal do Paraíso cruce con rúa Paraíso

Reiteramos a solicitude de data 07-01-2020, coa Concellaria de Servizos, para resolver o problema de que as augas percorran pola rúa ramal do Paraíso que atravesan a rúa Paraíso, pois a reixa onde está colocada non a recolle por estar mais elevada (foto) e se buscara una solución.



12.- Pasos Peonís

Dado o estreitas que son e que teñen que convivir os peóns cos vehículos, que pasan a moita velocidade, solicitamos que se dote de sinais limitadoras de velocidade e de pasos peonís o Camiño de Cima de Vila ea rúa Paraíso.

- Outros

- Marquesinas

Reiteramos a solicitude de data 07-01-2020, coa Concellaria de Servizos, para reparar as marquesinas existentes na rúa Herbello a Magdalena.



Solicitamos que se repare a existente na Avda da Coruña (xunto a Fenosa), e engadir outra xunto o cruce do camiño do Ximeu, lugares con parada de bus.



- Muro Palomar Escote

Reiteramos a solicitude de data 16-12-2019, ante a Alcaldía, para resolver o problema de seguridade, polo perigo, ante a posible caída debido o mal estado (fotos).



- Muro rúa Choupana

Reiteramos a solicitude de data 26-06-2020, coa Concellaria de Obras, para dotar de varanda e resolver o problema polo perigo debido a altura elevada que ten (fotos).



- Mantemento de lugares singulares (Cruceiros)
Solicitamos que se proceda a realizar a limpeza e mantemento dos lugares singulares.





- Rampa local Ensaio de Cima de Vila
- Solicitamos que a rampa de acceso ao centro e ademais a de entrada sexan adaptadas para que persoas con minusvalía poidan acceder con comodidade.



- Recipientes rúa Ensinanza

Reiterar a solicitude de retirar des ubicación por atoparse os recipientes de lixo, perto dun Cruceiro, considerado como patrimonio.



- Elevar tapas de alcantarilla



- Repoñer sinais

